



**O Auditorio Lois Tobío acolle o acto de entrega do XI Premio de Poesía Victoriano Taibo**

**Desde este sábado, dá inicio tamén a I Semana poética Victoriano Taibo que enmarca a entrega do premio**

Escrito por IEM -Sec  
Sábado, 10 Novembro 2018 01:48

---

Organizado polo Concello de Gondomar e o Instituto de Estudos Miñoráns.

E para achegarnos á data no ambiente poético propicio, o IEM inicia, este sábado día 10, a I Semana poética Victoriano Taibo, que encherá de versos a vila de Gondomar, unha festa poética que terá un fermoso ramo o día 17 coa entrega do premio desta décimo primeira edición a **Laura Ramos Cuba**.

### **I Semana poética Victoriano Taibo:**

**O sábado 10, ás 21:00 h. no Café Rañolas** comeza esta celebración poética e será cun Slam poético, un recital aberto en que pode participar quen quixer co único requisito de que os textos que recite, dous, sexan de autoría propia e estean na nosa lingua. Cómpre tan só inscribirse previamente no correo electrónico do IEM ([oficina@iem.gal](mailto:oficina@iem.gal)). Un xurado escollido entre o público asistente seleccionará ao gañador ou gañadora da noite.

**O luns día 12** a poesía tomará os balcóns e as fachadas de Gondomar, ondeando os seus versos en lonas que reproducirán, entre outros, poemas de autores premiados co Victoriano Taibo.

Nesa semana repartiranse tamén entre 14 establecementos hosteleiros manteis ilustrados con poemas.

E no medio da semana, nun lugar céntrico e frecuentado, poderemos gozar dunha **sorpresa poético-musical** que non poderá ser máis anunciada para que, efectivamente, sexa unha sorpresa.

E así chegaremos ao sábado 17, data de **entrega do XI Premio Victoriano Taibo**.

A banda de gaitas Balcón do Miñor, de Morgadáns, amenizará o acto en que a autora recibirá o galardón da man do alcalde de Gondomar, Francisco Ferreira, e recitará algúns poemas da súa obra. No acto tamén intervirá o director do IEM, Xulián Maure. Á saída, no vestíbulo, estará

Escrito por IEM -Sec

Sábado, 10 Novembro 2018 01:48

---

agardando un albaroque de confraternización durante o cal a autora asinará libros para quen o desexe.

O premio está dotado con 3000€ e unha peza escultórica da autoría de Fino Lorenzo.